

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Orde do 3 de decembro de 1992 pola que se recoñece con carácter provisional a denominación de orixe Val de Monterrei para os viños producidos nesta comarca vitícola.

Polo Real decreto 4.189/1982, do 29 de decembro, efectuouse o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura, asumíronse competencias sobre denominacións de orixe de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía.

Por Orde comunicada do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 10 de xullo de 1972 aprobouse a solicitude da denominación de orixe Val de Monterrei para os viños producidos na comarca e constituíuse o seu consello regulador, ó que dan un prazo de seis meses para elabora-lo proxecto de regulamento.

Considerando que a devandita aprobación caducou, ó non cumprirse ata a data, as condicións que figuran na orde de aprobación mencionada e tendo en conta a importancia socio-económica e a evolución do sector vitícola da comarca.

Tendo en conta as melloras iniciadas no sector vitícola en canto a elaboración e comercialización, que conducirán a unha efectiva presenza no mercado dos viños producidos na comarca.

En consecuencia, por solicitude dos interesados, e en virtude das facultades que teño conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, do Decreto 205/1990, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e demais normativa aplicable,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Recoñécese con carácter provisional a denominación de orixe Val de Monterrei para os viños producidos na dita comarca vitivinícola.

Artigo 2º

Noméase un consello regulador, con carácter provisional que, por proposta do sector interesado, queda formado da seguinte maneira:

Presidente:

—Emilio Rodríguez Fernández.

Vocais:

—Ignacio González Delgado.

—Bernabé Jiménez Gómez.

—José Luis Vaz Vilela.

—Carlos Francisco González Álvarez.

—José Cerdeiriña Paradela.

—Ramón Blanco Nieves.

—Delfín Boo Payo.

—Bernardo Álvarez García.

Artigo 3º

O consello regulador provisional redactará o proxecto de regulamento específico da denominación, que elevará á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a súa aprobación se procede.

Artigo 4º

O consello regulador provisional elaborará os censos de viñas e adegas para a inscrición dos titulares que estean interesados en adscribirse á denominación de orixe.

Artigo 5º

A indicación denominación de orixe non poderá ser mencionada nas etiquetas, documentación e publicidade destes viños, ata que o seu regulamento sexa aprobado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.—

Durante a fase provisional de funcionamento da denominación de orixe, poderase seguir utilizando o nome xeográfico Val de Monterrei xunto coa mención Viño

da Terra, segundo o establecido na Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 11 de decembro de 1986, pola que se establecen as regras de utilización de nomes xeográficos e da mención Viño da Terra na designación dos viños de mesa.

Segunda.—

Durante o dito período transitorio, o consello regulador provisional poderá utilizar un distintivo propio, que identifique os viños producidos polos inscritos nos censos citados no artigo cuarto, segundo as normas que aquel estableza.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 1992.

Tomás Pérez Vidal

Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes